



Federación Galega de Pesca e Casting  
Praza Agustín Díaz 1  
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5  
15008 a Coruña  
[www.fgpesca.org](http://www.fgpesca.org)  
[federación@fgpesca.org](mailto:federación@fgpesca.org)



Aos membros da Asemblea da FGPeC

Pola presente convócase Asemblea Xeral **EXTRAORDINARIA** para o sábado día 20 de FEBREIRO de 2021, ás 18,00 horas en primeira convocatoria e ás 18,30 horas en segunda. Esta asemblea desenvolverase por videoconferencia no enlace que se achega neste correo.

ORDE DO DÍA:

- 1.- Información e debate sobre o acordo adoptado pola Asemblea Xeral Extraordinaria da FEPYC na data do 07/02/2021 en relación ao aumento da cota de integración/afiliación, que se aplicaría con carácter exclusivo a dúas federacións territoriais, unha delas a Federación Galega de Pesca e Casting.
- 2.- Acordo e votación; autorizando ao Presidente, se procede, para emprender accións legais contra os órganos de goberno e representación da Federación Española de Pesca e Casting que aprobaron ou promoveron este acordo.
- 3.- Rogos e Preguntas.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asemblea Xeral da Federación Española de Pesca e Casting ven de aprobar, en sesión Extraordinaria do día 7 de febreiro de 2021, unha cota de afiliación de 4.000.- € anuais por un período de tres anos, revisables, e que só teríamos que pagar a Federación Galega de Pesca e Casting e a Federación Andaluza de Pesca Deportiva. A directiva da Federación Galega de Pesca e Casting entende que este acordo non conta co necesario respaldo legal e ten a intención de emprender as accións oportunas. Para ilo, por mor de cumprir cos procedementos e a prol da transparencia, é imperativo que a Asemblea Xeral da Federación Galega de Pesca e Casting, en sesión Extraordinaria, autorice ao Presidente a emprender esas accións en nome e representación da Federación Galega de Pesca e Casting. Resulta evidente o agravio e o atentado contra os intereses do deporte da pesca galega en particular e do deporte galego en xeral. Defender eses intereses é para nós unha obriga irrenunciable. **Nós tamén somos Deporte Galego.**

Esperando vernos ese día, achégolles os meus mellores saúdos.

Vimianzo a 9 de febreiro de 2021

Manolo Mouzo  
Presidente

PD: O motivo de convocar este acto en primeira e segunda convocatoria é por imperativo legal. A sesión iniciarase ás 18,30 horas. Accederase á mesma polo enlace que se achega.